

## MANEIRAS DE EDUCACIÓN: TROCAS DE IDIOMA DA COMUNICACIÓN EMPREGADOS-CLIENTES NUNHA EMPRESA GALEGA

*Luzía Domínguez Seco<sup>1</sup>*  
*Universidade da Coruña*  
*Galicia*

### 1. Introducción

Esta comunicación abordará a troca de linguas (español-galego) nas interaccións empresa-público observadas nunha empresa de augas galega. A dita observación será posta en relación cos resultados obtidos nunha investigación anterior, centrada na comunicación informal nun grupo de amigos de entre vinte e trinta anos, residentes en Santiago de Compostela.

Analizarei, polo tanto, procesos interaccionais públicos e formais (os establecidos entre a empresa e o público) que, segundo exporei, contrastan de xeito significativo cos procesos informais obtidos na investigación do grupo de amizade. Na análise voume centrar nas *ideoloxías lingüísticas* e, máis concretamente, en como tales ideoloxías se vinculan aos elementos da cortesía que son postos en escena a través da alternancia de linguas. Malia a seren os casos observados pouco explícitos respecto da ideoloxía, mostrarei que a xestión das relacións interpersoais observada nos mesmos reflicte os postulados ideolóxicos dominantes na nosa sociedade. Para iso, parto de dúas premisas teóricas, establecidas tomando elementos dalgúns traballos interaccionais da antropoloxía e a sociolingüística (Cameron, 1995; Silverstein, 1979; Woolard, 1992, entre outros), e das perspectivas sociolóxicas do sociólogo Pierre Bourdieu:

- a) As ideoloxías lingüísticas son un conxunto de ideas socialmente constituídas e constituíntes sobre a natureza e funcións da linguaxe.
- b) Os elementos ideolóxicos fan parte das prácticas sociais e, dentro delas, podemos observar prácticas máis explicitamente ideolóxicas (ou “ideoloxizadas”) e outras menos transparentes a respecto da ideoloxías (“naturais” ou “naturalizadas”). Nestas últimas, os idearios poden non ser conscientes para os actores sociais, mais non por iso deixan de ser desvelábeis pola análise.

---

<sup>1</sup> Rúa Fonte Nova, 1; 15500-Fene (A Coruña), Galicia, España. E-mail: luzia.dominguez@uam.es

## 2. Método e premisas teóricas

O traballo de campo que atendía ao grupo de amigos compostelán desenvolveuse no ano 1996. O centrado na empresa é máis reciente (ano 2001), e fai parte do Proxecto COMTECNO (*Comunicación e Novas Tecnoloxías*), da Universidade da Coruña. Nesta investigación, desenvolvida entre agosto e outubro do pasado ano, recolléronse unhas 25 horas de gravación, un total de aproximadamente oitenta interaccións entre empregados da que chamarei “Augaempresa” e os clientes que se achegan ás súas oficinas.

Algúns contributos desde o modelo psico-social chamado “teoría da acomodación” (Coupland 1995; Giles, Coupland & Coupland 1991; Giles & Smith, 1979) poden axudar a desvelar os sentidos ideolóxicos das prácticas discursivas aquí examinadas. Esta teoría fálanos do acercamento entre as persoas interactuantes: O incremento na similitude das formas comunicativas empregadas polos interlocutores (acomodación converxente) sería correlativa a unha maior aproximación entre as persoas que interactúan, e estaría relacionada coa súa identidade social. Pola contra, unha acomodación diverxente implicaría a marcación dunha diferenza identitaria.

Burt (1992, 1994), que tenta matizar a análise da “converxencia”, distingue entre “convergence” e “compliance”: A primeira referiríase ao uso da lingua (propia) do interlocutor e, por tanto, será a máis vencellada á súa identidade social, ou, para dicilo noutros termos, *o que a persoa é*. A segunda atinxiría á utilización do idioma que nese momento usa o interlocutor ou interlocutora, ou sexa, iría unida *ao que a persoa fai*, independentemente da súa identidade.

Na miña opinión, na situación galega son relevantes as contribucións de Burt. A distinción entre un uso unido a *o que a persoa é* (identidade social e/ou) e outro que acompaña a *o que a persoa fai* (situación concreta), ten incidencia nas prácticas duns falantes en grande medida bilingües e non sempre cunha lingua “propia” que defina o seu ser social. Na práctica, é frecuente que as persoas consideren “a súa” unha das linguas, ou ambas, e que fagan unha diferenciación no uso, empregando unha para unhas situacións e outra para outras, ou aínda diferentes misturas de idiomas para os diversos contextos. No noso país non só parece existir unha modificación nas normas comunicativas preexistentes (onde o galego estaba “embaixo” e o castelán “enriba”), senón tamén, acompañando a mudanza ideolóxica, unha modificación das asociacións

entre lingua e identidade; así, o galego pode representar a “propia” identidade nuns contextos e non noutros, de maneira a facer ambigua e mudábel a significación identitaria da alternancia lingüística (véxase, por exemplo, Álvarez Cáccamo, 1998).

En relación coa sinalada exhibición comunicativa dunha maior ou menor proximidade entre interlocutores a través do uso de variedades, pódese manter unha perspectiva social (e non psico-social) partindo da teoría de Goffman (Goffman, 1959) sobre a xestión da face, ou imaxen pública. Desde este punto de vista, o acercamento entre participantes maximiza a solidariedade (imaxe positiva), e o mantemento da distancia maximiza a imaxe negativa (máis propia de situacións públicas). En calquera caso, nunha interacción serán sempre importantes os recursos, entre eles a alternancia, que permiten manter unha adecuada relación interpersonal, un traballo de face axeitado ao contexto dado.

Por último, ollando a “converxencia” como unha manifestación de normas sociais existentes nunha sociedade, teremos que nos referir á investigación desenvolvida por C. Woolard en Cataluña (Woolard, 1989). Esta investigadora falou dunha “norma converxente” (“Cómpre usar a lingua do interlocutor”) fronte a unha “norma bilingüe” (“Cada interlocutor pode usar a lingua que prefira”).

### **3. Os resultados da investigación no grupo de amigos**

Paso agora a resumir brevemente os resultados da investigación no grupo de amigos, para ilustrar as dinámicas de usos e ideoloxías en contextos non públicos.

No colectivo observado a lingua por defecto é o galego, se ben non puideron concluír, na análise, que existise para o grupo unha outra distribución funcional entre galego e castelán (do tipo “lingua formal” fronte a “lingua coloquial”, ou así). Pola contra, o que decerto se constatou foi a naturalización do galego como lingua lexítima (no sentido de Bourdieu, 1982). Isto significa que o galego, nas prácticas informais e nas manifestacións explícitas, é colocado, como lingua culta e formal, nun nivel equiparábel ao castelán.

Por outra banda, consoante co uso do galego como lingua por defecto, e como ocorre con frecuencia entre galegofalantes, o galego pode operar como lingua de solidariedade (un “we code” que maximiza a imaxe positiva) e o español como lingua

allea e de poder (“they code”)<sup>2</sup>. Estes usos reflicten que as persoas perciben (¿ou imaxinan?) algún xeito de persistencia das *vellas* estruturas, co galego *embaixo* na escala social e co castelán asociado ao poder e a cultura. Polo tanto, se tomamos a coñecida clasificación de Gumperz, podemos dicir que o colectivo reproduce unha ideoloxía e/ou un *habitus* lingüístico en que o galego é o “we code” (código propio) e o castelán o “they code” (código alleo), ou lingua marcada. O español fica marcado, por inversión dos “vellos” valores dominantes, como *o fino* e asociado ao poder; ou, simplemente, é usado como a *outra* lingua, servindo para o contraste ou o distanciamento respecto do que se di. A reprodución colectiva desta marcación do castelán contribúe á cohesión do grupo como tal.

Polo demais, cómpre reparar nunha alternancia que parece en boa medida rutinizada, socialmente ambigua ou irrelevante, vencellada ao meu ver ao cumprimento dun principio de cortesía. Tanto galegofalantes como castelanfalantes parecen seguir, en moitos dos seus movementos, unha norma converxente, pola que usan a lingua do/da interlocutora.

Se se pode argumentar que, no pasado, a norma converxente se aplicaba só para o caso de persoas galegofalantes (que debían usar o castelán con falantes desta lingua) as conductas do grupo están lonxe disto: todo o mundo converxe. Por outro lado, ninguén parece sentirse na obriga constante de facer isto, senón que cada un dos membros usa a “súa” lingua dun xeito non converxente cos demais. A norma converxente é recíproca e facultativa, quer dicir, diríxese a falantes de ambas as dúas linguas e pode alternar coa norma bilingüe sen que ninguén sinta danada a comunicación nin a preservación da imaxe.

Sen dúbida as conductas particulares poden indicar que se está a producir unha mudanza nas normas de uso do repertorio no conxunto da sociedade (Calsamiglia & Tusón, 1980). Por este vieiro, podemos chegar á conclusión de que na nosa sociedade o bilingüismo concíbese como *tan normal* que existe o uso opcional da norma converxente ou da norma bilingüe sen que ningunha sexa socialmente mal considerada. Outra cuestión máis delicada xurde se interpretamos o bilingüismo do grupo, e o da

---

<sup>2</sup> Tense discutido moito a clasificación de Gumperz, que desde logo é simple de máis para reflectir a dinámica complexa dos usos lingüísticos. Sen embargo, aquí usámola xustamente porque dá conta dun xeito moi adecuado das ideas (i.e. simplificacións) que manexan os falantes.

sociedade, como resultado dunha coerción das estruturas sociais. A realidade circundante é, máis do que a ideoloxía, o que dirixe a nosa capacidade de acción, xa que se insire nas nosas rutinas, no que simplemente facemos sen pensalo, no que “desde sempre” sabemos que “todo o mundo” fai. Neste senso, o bilingüismo non é algo neutro respecto do cal os individuos son libres para elixir. Máis ben, nun contexto en que o dominante é a ideoloxía (defendida polo goberno autonómico) do “bilingüismo harmónico”, parece axeitado falar de coerción ao bilingüismo. Nese caso, habería que preguntarse cal é a natureza desa coerción e se é verdadeiramente igual para galego e castelanfalantes.

Considero que o bilingüismo grupal, onde a alternancia entre converxencia e non converxencia é constante, onde todos, galego e castelán falantes, toman postura a prol do galego, é un indicio da transformación ideolóxica xestada nas últimas décadas do século XX, en que os galegos castelanfalantes deben, cando menos, entender aos galegofonos (onde tería aplicabilidade a norma bilingüe) e, no seu caso, falar galego (onde se aplicaría unha norma de acomodación converxente). Isto coincide co que xa se reflectía nos resultados actitudinais do MSG (Fernández Rodríguez & Rodríguez Neira, 1996): A previa norma de acomodación converxente cara ao español invértese ideoloxicamente, pois pasa a ser máis “correcta” a ausencia de converxencia desde o idioma do país que desde o idioma “de fóra”. O que non quer dicir que as novas normas de negociación do idioma, que emerxen na nova situación ideolóxica, invertan na práctica os resultados das *vellas* ideoloxías.

#### **4. Os resultados da investigación en Augaempresa**

Na comunicación entre empregados e público que se desenvolve en Augaempresa, a situación é moi diferente da que observei naquel pequeno grupo compostelano posicionado a favor do galego. Aquí, a coerción ao bilingüismo opera dunha maneira ben diferente, pois a práctica común é contraria á ideoloxía dominante na súa compoñente de lexitimación do galego: Se alguén é obrigado a usar “a outra” lingua, son os galegofalantes, xa que a “súa” lingua está practicamente ausente neste contexto público.

A lingua por defecto é, sen nengunha dúbida, o español. De feito, das aproximadamente oitenta interaccións que foron recollidas, só 5 se desenvolven

predominantemente en galego. Ademais, nos intercambios en castelán as mudanzas para o galego son ben escasas, de xeito que non se pode dicir que, nestas situacións públicas e formais, o galego sexa a “lingua marcada”, pois simplemente é unha lingua ausente.

A empresa utiliza o galego nos seus documentos, cousa que foi cuestionada por algúns clientes (mesmo obviamente galegofalantes), que dicían non comprender as cartas por causa da lingua. Por outra banda, no caso das interaccións en galego pódese afirmar que a escolla de lingua ven determinada por unha norma de acomodación converxente, quer dicir: Os empregados e empregadas de Augaempresa asumen que deben usar o galego se así o fai o cliente. Só que, polo xeral, na práctica cotidiana do seu traballo non lles é preciso aplicar tal norma, xa que apenas se dá o caso de os clientes utilizar un idioma diferente do castelán. Desta maneira, non é que haxa ningún tipo de coerción da empresa para os clientes falar castelán; é que, tanto para empregados canto para clientes, o “normal”, o “natural” é usar esta lingua.

Diríamos, por tanto, que se dá neste caso unha naturalización das “vellas” ideoloxías que relegaban o galego ao ámbito familiar ou coloquial, naturalización que se contradice coa práctica escrita da propia empresa e co seguimento da norma converxente. A realidade práctica máis habitual, que non precisa dun ideario subxacente para se actualizar (xa é “normal”), contradice a ideoloxía reflectida nas prácticas converxentes cara o galego e a “normalidade” dun galego público ou formal que emerxe nos escritos. Polo tanto, no discurso público-institucional faise patente un aparente paradoxo: a “nova” ideoloxía dominante do bilingüismo harmónico dá na actualización práctica da “vella” ideoloxía, aquela na que o galego ficaba limitado aos ámbitos privados.

No que segue vou examinar dous casos onde se emprega o galego. O primeiro aparece nunha interacción en castelán, onde só o breve intercambio presentado aquí amosa unha alternancia lingüística. O segundo caso é unha interacción en galego e castelán onde se pode observar a converxencia da empregada para a cliente e, tamén, se evidencia a concepción da propia cliente de que a lingua adecuada a unha situación formal ou pública é o español.

### 5. O galego da familiaridade e as identidades locais

O seguinte caso constitúe un exemplo de como en ocasións unha conversa en castelán (como dixen, lingua “normal” na comunicación empresa-público) pode incluír pequenos intercambios en galego, onde este idioma é usado como xeito de marcar a solidariedade ou a informalidade, ou sexa, o acercamento persoal (imaxe positiva) e/ou a falla de transcendencia do que se está a dicir. Este caso tamén se pode interpretar tendo en conta o sinalamento das identidades locais: A identificación do falante cunha determinada comunidade, xeográficamente localizada, ten un importante significado identitario na sociedade galega (vid., entre outros traballos, Prego Vázquez, 1994).

#### Caso 1

1. E3: Bien.
2. (3)
3. Ahora la dirección es así:
4. C: Corr[ecto.]
5. E3: [Lug]ar Devesa quince,
6. C: Sí.
7. E3: San Brandán de Mañón,
8. C: Bien.
9. E3: San Brandán de Mañón,
10. Pontevedra.
11. C: Exact[amente.]
12. E3: [xx xx]
13. C: Exactamente,
14. claro.
15. E3: ¿Así?
16. Ya está.
17. (7)
18. No.
19. Vamos a corregirlo.
20. C: ¿Eh?
21. (3)
22. E3: A Coruña, nada.
23. (2)
24. Pongo Mañón...
25. Nada.
26. C: Mañón, Mañón, eh [está na xx]
27. E3: [A Coruña,]
28. non vaia a ser que...
29. C: A Coruña.
30. Mañón non hai máis que un Mañón [en España.]
31. E3: [A Coruña.]
32. Dacordo.
33. C: Sí, vale.
34. E3: Venga.

O segmento presentado dáse case ao final da interacción. A empregada remata a corrección do enderezo do cliente, que estaba errado. Na liña 26 o señor muda para o galego, cunha resposta converxente da empregada no turno seguinte. Na liña 32, o “dacordo” da empregada pecha o intercambio en galego. Aquí, como en casos observados por Herrero Valeiro (2001), o galego funciona como marcador dun inciso conversacional, onde se destaca a familiaridade e a coloquialidade entre os participantes, ou sexa, é un paréntese de relación persoalizada dentro dunha conversación formal. Así, dáse por concluído o problema que levara o cliente á empresa. Logo do peche do inciso “coloquial”, como dixen co “dacordo”, vólvese introducir outro peche, esta vez en castelán, que dá por rematada a conversa “formal”. Así, en 33 e 34 vemos un peche idiomáticamente ambigüo que opera como transición entre o inciso e o peche final da conversación (que non se reproduce e é en español).

Neste caso, como é frecuente nos intercambios entre galegos, o idioma “rexional” úsase como elemento de xestión da face, xa que indica a abertura recíproca da imaxen positiva. Isto non significa que o español non permita tales aproximacións; só que o contraste interlingüístico marca con máis claridade estes posicionamentos. Neste sentido, o galego é empregado por estes falantes como “we-code” dun xeito paralelo ao que fan os “colegas” composteláns (como lingua de solidariedade), ou, por exemplo, os falantes de máis idade observados por Argente & Lorenzo (1991). Mais podemos dicir que este é un uso ocasional, o que é lóxico nunha situación onde a “lingua por defecto”, ou lingua “normal” e o castelán, e o galego só ten utilidade como sinalamento especial e non necesario da aproximación entre interlocutores.

Doutro punto de vista, podemos interpretar que con esta alternancia os interactuantes están a sinalar unhas identidades locais xeograficamente localizadas. Neste sentido, cómpre sinalar a importancia que ten o galego (mellor dito, un tipo concreto de “galego”) como contrasinal desas identidades locais, alleas á cultura criada pola institucionalización e lexitimación do idioma. Partindo disto, o que o galego sexa unha manifestación ocasional neste contexto público é lóxico, xa que estas identidades non adoitan ser pertinentes en tales situacións.

Se isto é así, o que estamos a ver é unha clara distribución funcional entre os dous idiomas, unha distribución que a sociolingüística hispana veu chamando “diglosia” e que se correspondería cos vellos “prexuízos” supostamente eliminados polo proceso



de “normalización lingüística”. Mais hai que dicir que eses “prexuízos” poden reflectir o “auténtico” sentido que o galego “de sempre” (non o galego institucional) ten para os seus usuarios: un significado ben alonxado dos contextos públicos e vinculado á familiaridade da “xente común” e á identificación local desa xente. En definitiva, o que estes usos mostran é a diferenza entre un galego institucionalizado como lexítimo (e non asumido nas prácticas, xa que o seu lugar pode ser igualmente ocupado polo castelán<sup>3</sup>) e un galego non institucionalizado que, como tal, non é adecuado a contextos públicos.

## 6. O galego como acomodación converxente

Nalgunhas ocasións, unha persoa chega á empresa falando en galego e o empregado ou empregada respóndelle nesta lingua. A maior parte dos casos son de persoas obviamente rurais e dunha idade considerable, persoas que dificilmente poden falar castelán porque lles falta competencia. Puiden observar só un caso en que o falante era máis novo e con aparencia urbana: Tratábase dun home duns cuarenta anos cos trazos típicos do “militante lingüístico” (roupa, barba, galego menos dialectal...).

Desta maneira, só o “militante” e o “rural” que non sabe español chegan á empresa usando o galego. Diante de ambos os dous tipos de cliente, a maior parte dos empregados converxen inmediatamente, se ben un empregado máis xoven parece ter máis dificultades para facelo. O galego non é a lingua adecuada neste ámbito; mais o carácter dominante das ideoloxías de lexitimidade do galego evidénciase no feito de que os empregados se sinten na obriga de deixar a súa “lingua por defecto” cando se lles fala en galego.

Neste caso, polo tanto, as circunstancias ideolóxicas maniféstanse paralelas ás achadas no grupo de xoves composteláns, onde, como sinalei, as prácticas converxentes, e outras, dan conta dunha mudanza xeral nas prácticas de escolla de lingua nas interaccións: converxer para o galego é, cando menos, tan adecuado como converxer

---

<sup>3</sup> Neste uso do español no sitio dun galego “culto”, é importante o feito de que a maior parte dos falantes coñecen bastante ben un castelán institucionalizado, mentres a penas tiveron acceso a un galego institucionalizado. Así, ¿que sentido tería facer o esforzo de aprender o “novo” galego se para eses sentidos sociais xa se conta co español “de sempre”? O galego “de sempre” quedaría, entón, no seu lugar “natural” como lingua local e coloquial allea á “lingua de poder”.

para o castelán, xa que as ideoloxías dominantes que se foron asentando na Galiza dos anos oitenta e noventa convertiron en “incorrecta” a vella norma.

O exemplo que mostro a seguir é un caso de acomodación converxente da empregada para unha clienta que fala en galego. Mais tamén existe a converxencia recíproca: a clienta usa reiteradamente o castelán para facer preguntas que centran a conversación nos temas “institucionais” propios do discurso cliente-empleado. É máis, pódese afirmar que, en toda a interacción, a empregada converxe para o galego para se aproximar persoalmente á señora e para lle dar exemplos simples e cotidianos (de novo, face positiva e coloquialidade); e que a cliente converxe para o castelán para se adecuar á compoñente formal e pública do intercambio.

Vexamos un segmento:

### Caso 2

1. C: ¿I esto que é? (sinala un papel que a empresa lle enviara)
2. (3)
3. E3: Para que usted entienda cada vez mejor su recibo.
4. (1)
5. A explicación do se-
6. Este é o seu recibo.
7. C: Sí.
8. E3: E esta é unha explicación do seu recibo,
9. é un eghemplo.
10. C: Ai, é un eghem[plo.]
11. E3: [P'a] que cada vez entendamos
12. mellor o recibo.
13. C: Vale.

Aquí, a empregada converxe ao galego para lle explicar á señora que o papel que leva non é un recibo, senón un exemplo explicativo da factura. Nesta ocasión, podemos falar da operatividade, non só dunha “norma converxente” adecuada á cortesía, senón tamén da optimización da comprensión do dito; con efecto, a explicación (liñas 5,6, 8 e 9) e a reformulación en galego (liñas 11 e 12) cumpren a dobre función de aproximar a falante á interlocutora e de minimizar as posibilidades de incompreensión.

### Caso 3

- 1 ¿Y entonces qué quiere decir?
- 2 ¿eso xx xx [xx xx]
- 3 E3: [Mire,]
- 4 vamos a ver,
- 5 na caixa de galletas María,
- 6 (3)
- 7 na caixa de galletas María,

- 8 (2)  
 9 dentro da- das galletas María,  
 10 ven un papeliño,  
 11 C: mm (asinte)  
 12 E3: que nos explica  
 13 (1)  
 14 as galle::tas,  
 15 C: No, ya.  
 16 E3: os precios das distintas caixas,  
 17 e eso non nolo cobran.  
 18 C: Ah, bueno,  
 19 entonces esto...  
 20 E3: É un eghemplo,  
 21 o sea,  
 22 C: Un eghemplo [xx xx ]  
 23 E3: [para entender]  
 24 mellor o recibo.  
 25 C: Si [xa.]  
 26 E3: [É] un eghemplo.  
 27 C: Ah, bueno,  
 xa está.

O caso 3, pertencente á mesma interacción, amosa unha converxencia recíproca, nunha situación bastante evidente (non todas o son tanto) onde a empregada se aproxima a través do galego (co exemplo das galletas) e a clienta se adecúa á formalidade do evento a través dunha pregunta en español e varias respostas na mesma lingua, coas que indica que segue a argumentación da empregada. Como peche, a conclusión da empregada (“É un eghemplo”) e as respostas, xa en galego, da señora: “Si, xa”, “Ah, bueno, xa está”.

Polo tanto, a dobre converxencia se deriva das esixencias contextuais, onde é preciso, dunha banda, “coloquializar” o discurso para facer accesíbel á clienta unha realidade institucional e, doutra banda, indicar a adaptación da mesma clienta ao discurso institucional.

## 7. Conclusións

A prácticas examinadas, non explícitas a respecto da ideoloxía, son bastante transparentes no que atinxe á lexitimación do galego (converxencia dos castelanfalantes) e tamén no que atinxe a cal é a lingua pública máis “normal” (o castelán). Máis difícil é discernir cales son as implicacións de identidade social vinculadas ás variedades lingüísticas: Tales evocacións son a miúdo ambigüas e poden dar conta dunha mudanza en curso, mudanza que terá incidencia sobre as ideoloxías

dominantes e que pode depender das ideoloxías “non confesábeis” que manteñen o galego na “vella” situación.

Nos dous contextos investigados se evidencia a asunción dunha norma converxente aplicada a ambas as linguas. Isto mostra, de novo, a transformación das ideoloxías dominantes; sen embargo, no caso do contexto público a norma converxente para o galego non precisa apenas ser aplicada, pois o público case non usa o galego.

No grupo de amigos o galego como “we code” se insire nun contexto de uso deste idioma com lingua por defecto e marcadora da propia identidade (individual e colectiva). O castelán está marcado, e até estigmatizado, como lingua de poder. Na oficina da empresa é o castelán a lingua non marcada, tamén “lingua de poder”, máis sen os sentidos de inversión e estigma que lle dan as actividades “de resistencia” sostidas polos colegas. O galego como “we code” non ten tanta importancia na marcación dunha identidade colectiva (“o que a persoa é”), senón que é máis ben un uso referente “ao que a persoa fai”. Aquí se implican tamén os índices sociais tradicionalmente asignados ao galego (as “vellas” ideoloxías), pero non tanto o feito de os falantes consideraren o galego como a “súa” lingua ou a lingua “normal” no país. Isto mostra, dunha banda, a pervivencia das antigas asociacións entre galego e identidade social e, doutra banda, a ambigüidade identitaria dos usos do idioma, que aquí non emerxe con tanta forza como marcador de identidades “propias”.

A “coerción ao bilingüismo” significa, no contexto estudado, que ao empregado lle cómpre converxer para o galego, mais que quen verdadeiramente se ve impelido a ser bilingüe é o galegofalante, que se encontra nun medio onde o castelán é obviamente o código non marcado. Así, a “coerción ao bilingüismo” dá resultados contrários á ideoloxía dominante de lexitimación do galego. Isto pódese tomar como un paradoxo, mais penso que é só aparente: Na realidade, as ideoloxías dominantes costuman lexitimar e mitificar o que xa a historia e a práctica se encargou de eliminar. Estaríamos diante do “mito do bilingüismo” (Aracil 1982 [1966]) que na realidade oculta a vontade das elites de manter un estatus quo onde a “lingua dominada” é definitivamente excluída da vida social.

Seguindo este razoamento, pódese dicir que para o público de menor idade non hai “coerción” ideolóxica nengunha para usaren o castelán neste medio: O que estas persoas nos puideron escoller foi o seren educadas en castelán nun medio familiar onde

o galego se consideraba impedimento para o éxito socioeconómico. Aquí, polo tanto, non importan as “novas” ou “vellas” ideoloxías, senón o proceso histórico que, a traves de feitos e ideas, fixo “natural” a substitución do galego (noutros contextos máis galeguizados, isto non será necesariamente así).

Por outro lado, considero que na distribución funcional que deixa o galego fóra do medio público pode ter incidencia o feito de os galegofalantes non dominaren o galego formal: Moitas destas persoas teñen o español como variedade alta e o galego como variedade baixa, e non gostarían de ser tidos por “incultos” en galego cando poden ser o suficientemente “cultos” en castelán.

Finalmente, hai que destacar que tras da aparente distinción galego-castelán o que achamos é unha distinción entre o galego e castelán institucionais e o galego “de sempre”, que mantén os sentidos identitarios tradicionais. Aquí, non é substancial que se aceiten as “novas” ideoloxías onde o galego (o “outro” galego, o culto) é unha lingua pública. Nen que as prácticas manifesten ou non as “vellas” ideoloxías subxacentes baixo un ideario de elites “hipócritas”. O importante aquí son unhas identidades de clase (baixa ou “non alta”) e locais (parroquia, familia, etc.) que están loxicamente fóra do ámbito público e institucional e que son relativamente independentes dos idearios, e desde logo máis dinámicas e ambigüas do que calquera ideoloxía dominante.

### Referencias bibliográficas

- Álvarez Cáccamo, C. (1998). “From >switching code= to >code-switching=. Towards a reconceptualisation of communicative codes”. En P. Auer (ed.), *Code-switching in conversation. Language, interaction and identity*. London & New York: Routledge, 29-48.
- Aracil, Lluís V. (1982 [1966]). “El bilingüisme com a mite”. En Ll. Aracil, *Papers de sociolingüística*. Barcelona: Edicions de la Magrana, 39-58.
- Argente, J.A. & A.M. Lorenzo (1991). “A relevancia social da alternancia lingüística”. *Cadernos de Lingua* 3, 91-109.
- Bourdieu, P. (1982). *Ce que parler veut dire. L'économie des échanges linguistiques*. Paris: Fayard.
- Burt, S.M. (1992). “Codeswitching, convergence and compliance: the development of micro-community speech norms”. En C. Eastman (ed.), *Codeswitching*. Clevedon & Philadelphia: Multilingual Matters, 169-85.
- Burt, S.M. (1994). “Code choice in intercultural conversation: Speech accommodation theory and pragmatics”. *Pragmatics* 4(4), 535-59.

- Calsamiglia, H. & A. Tusón (1980). “Ús i alternança de llengües en grups de joves d’un barri de Barcelona: Sant Andreu del Palomar”. *Treballs de Sociolingüística Catalana* 3, 11-82.
- Cameron, D. (1995). *Verbal Hygiene*. London & New York: Routledge.
- Coupland, N. (1995). “Accommodation theory”. En J. Verschueren, J. Östman & J. Blommaert (eds.), *Handbook of pragmatics*. Amsterdam & Philadelphia: John Benjamin, 21-26.
- Fernández Rodríguez, M.A. & M.A. Rodríguez Neira (coords.) (1996). *Actitudes lingüísticas en Galicia*. Vigo: Real Academia Galega.
- Giles, H., N. Coupland & J. Coupland (1991). “Accommodation theory: Communication, context, and consequences”. En H. Giles, J. Coupland & N. Coupland (eds.), *Contexts of accomodation*. Cambridge: Cambridge University Press, 1-68.
- Giles, H. & P.M. Smith (1979). “Accommodation theory: Optimal levels of convergence”. En H. Giles & R.N. St. Clair (eds.), *Language and social psychology*. Oxford: Basil Blackwell, 45-65.
- Goffman, E. (1959). *The presentation of self in everyday life*. New York: Anchor Books.
- Prego Vázquez, G. (1994). *Estrategias discursivas de regateos recogidos en las ferias rurales de Carballo y Paioaco. Desde la microestructura discursiva de los regateos hacia la estructura del espacio social rural gallego*. Tese de Licenciatura, Universidade da Coruña.
- Silverstein, M. (1979). “Language structure and linguistic ideology”. En P. Clyne, W. Hanks & C. Hofbauer (eds.), *The elements: A parasession on linguistic units and levels*. Chicago: Chicago Linguistics Society, 193-247.
- Woolard, K. (1989). *Double talk: Bilingualism and the politics of ethnicity in Catalonia*. Stanford: Stanford University Press.
- Woolard, K. (1992). “Language ideology: issues and approaches”. *Pragmatics* 2(3), 235-49. *Special Issue on Language Ideologies*, editado por P. Kroskrity, B. Schieffelin & K. Woolard.